

# PEARL S. BUCK

Pearl Comfort Sydenstricker naceu en 1892 en Virxinia, filla dunha parella de misioneiros presbiterianos que vivían en China. Os seus pais trasladáronse aos EEUU pouco antes do seu nacemento e, cando ela tiña poucos meses, volveron ao país asiático.

En 1911 Pearl trasládase aos EEUU para seguir estudando, mais tres anos despois a súa nai enferma e ten que volver a China para coidala. Daquela coñeceu ao que sería o seu primeiro marido, co que casaba en 1917. A parella trasladouse a vivir a Suzhou e tres anos máis tarde a Nanjing, onde ambos traballaban como profesores na universidade.

En 1920 Pearl dá a luz á súa primeira e única filla biolóxica, que naceu cunha enfermidade mental grave. Detéctanlle un cancro de útero: non poderá ter máis crianzas.

Á morte dos seus pais, a parella marcha a EEUU, onde Pearl se dedica a estudar. En 1925 adoptan unha nena coa que regresan a China. Mais non atoparía a paz, xa que a familia viuse afectada polo “incidente de Nanking” cando as forzas comunistas se levantaron contra o poder establecido. Coa axuda dos efectivos norteamericanos, viaxaron ata Shangai, onde puxeron rumbo a Xapón para volver de novo a EEUU.

En 1930 publica a súa primeira novela “*Viento del Este, viento del Oeste*”, e ao ano seguinte, “*La buena tierra*”, coa que gaña o Premio Pulitzer.

Divórciase e en 1935 volve casar co editor da súa primeira novela. A parella instálase nunha granxa no condado de Buck, onde viviron o resto dos seus días acompañados polas fillas de Pearl e de seis crianzas máis que adoptaron.

Desde entón non deixou nunca de escribir, compaxinando a escritura co seu traballo na universidade e coa axuda ás persoas máis necesitadas. En 1942 a parella fundou a “*Asociación East and West*”, que tiña como obxectivo estreitar lazos culturais entre América e Asia. En 1949 xunto co seu home fundou a axencia de adopción “*Welcome House*”, que foi a primeira que incluía crianzas de orixe asiática nas listaxes de posibles adopcións. En 1964 creou unha fundación que leva o seu nome e que tiña como función velar polo futuro das crianzas de orixe asiática desamparadas, orfas e que non podían ser adoptadas.

No ano 1938 recibiu o Premio Nobel de Literatura polas súas descrições da vida campesiña en China e polas obras mestras biográficas.

Morreu no ano 1973, deixando un legado composto por máis de oitenta libros, desde novelas ata biografías, pasando por poesías e contos infantís.

Celia Barreiro Quinteiro

1º Bacharelato B